

Guia de lectura do portugués para galegos

José Ramom Flores d'as Seixas

7 de marzo de 2004

Apresentación

Galego e portugués, línguas irmás?

Se ben resulta habitual escoitar ou ler que o galego e o portugués son línguas moi próximas, cando non directamente que son a mesma língua, o certo é que cando un galego que nunca estudou portugués quer ler un texto nesa língua, ten dificultades e dá-lle a impresión de estar ante unha escrita moito máis estraña do que a devandita proximidade faría supor.

A razón principal desta estrañeza é usar ambas línguas unhas convencións ortográficas diferentes, que mascaran a proximidade real. Así por exemplo palabras como:

millo	milho	xoello	joelho
ũa	unha	aceña	azinha
viciño	vizinho	pasaxeiro	passageiro
carballo	carvalho	xustiza	justiça

teñen o mesmo significado e a mesma pronúncia (ou moi similar) en galego e en portugués, mais escriben-se diferentemente.

Ler portugués ao xeito galego

O que se pretende neste breve curso é amosstrar como superar a barreira que supón estas diferenzas ortográficas, e aprender a ler o portugués ao xeito galego. E que se quer dicir con "ler portugués ao xeito galego"? Pois nen mais nen menos que lé-lo coa pronúncia galega, sen esforzar-se o mais mínimo en tentar reproducir a pronúncia portuguesa estándar. Descubrirá así o lector/a que con pouco esforzo pode ler portugués. Evidentemente achará termos e expresións que descoñece, ou usa con diferentes significados, mais non tantos que impidan normalmente a comprensión do texto. En todo caso a consulta a un dicionário solucionará a maior parte dos atrancos. Probe-se por exemplo co dicionário en liña da Priberam¹. Dicionário moi útil, que ademais de definir as palabras portuguesas, incluí un corrector ortográfico e un conxugador de verbos.

Pode obxectar-se, e con razón, non existir unha única pronúncia galega, senón varias. Mais evidentemente cada lector@ ten a súa propia, correspondo a súa zona de orixe e historia persoal. O obxectivo é precisamente aprender a ler o portugués coa pronúncia que cada un usa para falar galego, sen a máis mínima variación. Ou se preferir, aprender a interpretar a escrita portuguesa sen ter en conta a súa realización oral. E el é que tras afacer-se un pouco a ler portugués, en voz baixa, un xa non se preocupa o máis mínimo pola pronúncia.

Outra obxección que pode facer-se é existiren dous padróns diferentes da escrita portuguesa: o portugués e o brasileiro. Porén as diferenzas ortográficas entre ambos son mínimas; redución ou non dos grupos cultos -ct (acto/ato), e diferenzas nalguns casos pontuais en canto ao uso de acentos marcando aperturas vocálicas (António/Antônio). De maneira que tais diferenzas non constitúen nengun atranco sério para este curso.

Estrutura do curso

Este curso consta, ademais desta presentación, de 3 partes: Teoría, Práctica e Complementos. Na primeira dan-se as explicacións teóricas pertinentes para ler o portugués ao xeito galego. A continuación inclúen-se 6 exemplos, sinalando como lles aplicar as ditas regras. Ademais para facilitar a comprensión do texto inclúen-se notas esclarecedoras ao mesmo. Notas que se recollen todas xuntas na última parte, xunto con un listado de sites recomendados para o lector practicar a lectura de portugués.

¹<http://www.priberam.pt/dlpo>

Código de cores

Para facilitar o seguimento do curso emprega-se o seguinte código de cores:

- usa-se o azul para as formas en portugués.
- usa-se o maxenta para as formas en galego.
- usa-se o vermello para salientar letras ou dígrafos no texto.

Parte I

Teoria

Galego, que galego?

Se en portugués ha dous padróns de escrita diferentes, tampouco está falto o galego deles². A hora de escribir este curso considerei as 3 normativas que eu coñezo, por orde de aparición: 1) a de mínimos³, 2) a do ILG-RAG⁴, e 3) a da AGAL⁵, descartando rapidamente esta última por considerar que se unha persoa está afeita a empregá-la, este curso é-lle de todo inecesario. Das outras dúas opcións decidín-me finalmente polos mínimos por, entre outras razóns, coñecé-la mellor e contar con un corrector ortográfico⁶ libre. Contodo as normativas de mínimos e a do ILG-RAG son moi semellantes; as diferenzas existentes non empecen moito a lectura, se ben teñen bastante importancia a hora de escribir correctamente. Por outra banda nas explicacións que se dan para a comprensión dos textos, cando as prescricións diferen fai-se referencia a ambas normativas. E fai-se isto mais por complitude que por necesidade estrita para a comprensión dos mesmos.

A continuación presenta-se as dúas diferenzas⁷ mais notórias entre as normativas de mínimos e do ILG-RAG, xa que teñen unha certa importancia para a comprensión do portugués, sobre todo a primeira.

Uso do trazo.

1. Pronomes enclíticos.

- (a) Na normativa de mínimos, como en portugués, os pronomes enclíticos unen-se ao verbo mediante un trazo, sen que varie a acentuación, excepto no caso do infinitivo. Ex:

coller + o -> collé-lo colles + o -> colle-lo
collen + o -> collen-no colleu + o -> colleu-no

- i. Na normativa ILGA-RAG, como en castelán, os pronomes enclíticos unen-se ao verbo directamente, formando unha nova palabra e afectando a acentuación. Ex.

coller + o -> collelo colles + o -> cóllelo
collen + o -> cólleno colleu + o -> colléuno

2. 2ª forma do artigo.

- (a) Na normativa ILGA-RAG o artigo pode unir-se ao verbo mediante un trazo, sen que varie a acentuación.

Ex. cantar + a + canción -> canta-la canción

- i. Na normativa de mínimos non se marca na escrita a segunda forma do artigo.

Ex. cantar + a + canción -> cantar a canción.

²Cousa por outra banda moi comprensíbel dada a súa historia e situación actual.

³Por normativa de mínimos ou dos mínimos coñecen-se as *Normas Ortográficas do Idioma Galego*, elaboradas por unha comisión lingüística nomeada pola Xunta de Galicia en 1981. Estas normas poden-se consultar no seguinte enderezo: <http://questione.lycos.fr/documentos/minimos.html>. O dito documento é moi breve, mais a normativa de mínimos aparece explicada máis polo miúdo na *Nova Gramática para aprendizaxe da lingua*, obra de X. X. Costa Casas, M. A. González Refoxo, C. C. Morán Fraga e X. C. Rábade Castiñeira, editada por Via Láctea no ano 1988. Por outra banda esta normativa é a seguida no Dicionário da Língua Galega, de I.A. Estravís, editado por Sotelo Blanco en 1995.

⁴Instituto Galego da Língua e Real Academia Galega. Esta normativa, tamén coñecida por oficial, recolle-se nas *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*, cuxa primeira edición é de outubro de 1982. A hora de escribir este curso tomou-se como base a edición do ano 1997, NOMIG(1997). Se ben no ano 2003 estas normas sufreron unha reforma dunha certa entidade na parte morfolóxica, na parte ortográfica as variacións foron mínimas.

Parte da ?? edición das NOMIG, do ano ????, pode-se consultar no seguinte enderezo: <http://questione.lycos.fr/documentos.html>

⁵Associação Galega da Língua (<http://www.agal-gz.org>). A súa normativa recolle-se no seu *Prontuário ortográfico galego*, do ano 1985.

⁶<http://ispell-gl.sourceforge.net>

⁷Pode-se ver unha comparativa moito máis completa no seguinte enderezo: <http://www.lycos.fr/questione...>

Uso dos acentos.

A normativa de mínimos utiliza basicamente o sistema portugués, entanto a normativa ILGA-RAG o sistema castelán, diferenciando-se nos seguintes puntos:

1. Esdrúxulas

- (a) Segundo a normativa de mínimos son consideradas esdrúxulas, e portanto acentúan-se, as palabras acabadas na secuencia:

vogal tónica + consoante(s) + ia, ie, io, ua, ue, uo (+consoante)

Ex. ciencias, especies, artificio, lingua, ténues, continuo.

- i. Segundo a normativa ILGA-RAG as formas anteriores son consideradas graves, e portanto non se acentúan; ex. ciencias, especies, artificio, lingua, ténues, continuo.

2. Hiatos

- (a) Segundo a normativa ILGA-RAG acentúan-se as vogais **i** e **u** sempre que formen un hiato, ex:

- **aí**, baía, saúde, faísca, acústico, aínda, sair, raiz, constituíu, construírdes, triunfo ...

- (b) Segundo a normativa de mínimos acentúan-se as vogais **i** e **u** que forman un hiato e forman sílaba por si sós ou con **s**, ex:

- **aí**, baía, saúde, faísca, acústico...

mais non aquelas que forman sílaba con unha consoante distinta de **s**, con outra vogal ou secuencia mais ampla:

- **aínda**, **sair**, **raiz**, **constituíu**, **construírdes**, **triunfo**...

3. Graves e agudas rematadas en **i** e **u**

- (a) Segundo a normativa ILGA-RAG acentúan-se as palabras agudas rematadas en calquer vogal, vogal + **n**, vogal + **s**, ou vogal + **ns**; e acentúan-se as palabras graves rematadas en consoante distinta de **n** ou **s**. Así acentúan-se:

irmá(s), refén(s), aquí, xardín(s), avó(s), algún(s), móbil, carácter, clímax

e non se acentúan:

safari(s), virus, xadrez, cantar

- (b) Segundo a normativa de mínimos acentúan-se as palabras agudas rematadas nas vogais **a**, **e**, **o**, ou nas palabras rematadas nesas vogais mais **n**, **s** ou **ns**. E acentúan-se as graves rematadas nas terminacións diferentes as vistas. Así acentúan-se:

irmá(s), refén(s), avó(s), safári(s), vírus, móbil, carácter, clímax

e non se acentúan:

aquí, xardín(s), algún(s), xadrez, cantar

Regras básicas de lectura

1. O **m** final (de sílaba) pronuncia-se como un **n** final. Ex. **bulam** (**bulan**), **cem** (**cen**), **comum** (**comun**).

Nem que me matem, nem que me fendam -> Nen que me maten, nen que me fendan.

2. O dígrafo **lh** corresponde-se co dígrafo **ll**. Ex. **orelha** (**orella**), **abelha** (**abella**), **colher** (**coller**).

Olhos e orelhas, melhor em parellas -> Ollos e orellas, mellor en parellas.

Obs: o dígrafo **ll** le-se como **l**. Ten moi pouco uso, mais pode aparecer nalgunhas palabras que se senten estranxeiras como **ballet** (**balet**) ou nalgun termo científico como **fullerenos** (**fulerenos**).

3. O dígrafo **nh** corresponde-se coa letra **ñ**. Ex. **unha** (**uña**), **caminho** (**camiño**), **morrinhento** (**morriñento**).

Castanhas e vinho, acarinhám o focinho -> Castañas e viño, acariñan o fociño.

Obs: Debido o uso da letra **h** como auxiliar nos dígrafos **lh** e **nh**, esta letra non se usa no interior das palabras, excepto cando formando parte dun dos dous dígrafos ditos. Usa-se si ao inicio de palabra, así por exemplo escrebe-se **habitar** e **desabitar**.

4. O artigo indeterminado feminino escrebe-se en portugués **uma** (**unha**), contraindo-se coas preposición **em** (**en**) e **de** (**de**) para dar lugar a **numa** (**nunha**) e **duma** (**dunha**).

Uma unha de galinha e uma raspa de farinha, nunca encheram¹ a cocinha. -> Unha uña de galiña e unha raspa de fariña, nunca encheron a cociña.

¹ Vexa-se a nota 7.

5. A letra **j** le-se como **x**. Ex. **jamaís** (**xamáis**), **jeito** (**xeito**), **igrejinha** (**igrexíña**), **jogo** (**xogo**), **Julho** (**Xullo**).

Bocejou, e o seu queixo, furado como um queijo "gruyere", branquejou com a espuma da cerveja.

Bocexou, e o seu queixo, furado como um queijo "gruyere", branquexou coa² espuma da cervexa.

² Vexa-se a nota ?? na sección III.

6. A letra **g** corresponde-se a dous sons diferentes:

(a) Diante de **a**, **o**, **u**, **r**, e **l**, pronuncia-se igual que en galego. Ex. **galo** (**galo**), **agoirar** (**agoirar**), **gume** (**gume**), **agre** (**agre**), **glóbulo** (**glóbulo**).

(b) Diante de **e** e **i** le-se como **x**. Ex. **geral** (**xeral**), **biologia** (**bioloxía**).

Obs: o **u** de **gu** non se pronuncia xeralmente se for seguido de **e** ou **i**, ex. **salgueiro** (**salgueiro**), **águia** (**águia**), mais existen algunhas excepcións nos que si se pronuncia. Nestes casos o padrón brasileiro utiliza o trema, mais o portugués non. Ex.

Brasileiro	Portugués	Galego
lingüista	linguista	lingüista
pingüim	pinguim	pingüin

7. A letra **ç** le-se como **z**. Ex. **cabeçalho** (**cabezallo**), **preço** (**prezo**), **beijudo** (**beizudo**).

Obs: En portugués a letra **z** pode aparecer diante de **e**, **i** mantendo a etimoloxía da palabra, ex **luzes** (**lucés**), **nazista** (**nacista**).

Dos doze meses, tu dezembro foste
o mais doce de todos aquele ano.
Os beijos, os abraços e até o engano
caíram sobre mim como uma hoste.

Dos doce meses, tu decembro foste³
o mais doce de todos aquel ano.
Os beixos, os abrazos e até o engano
cairon sobre min como unha hoste.

3 Vexa-se a nota ??

8. O **s** duplo, **ss**, pronuncia-se como un **s** normal. Ex. **assassino** (**asasino**), **coubesse** (**coubese**), **vassoira** (**vasoira**), **sanguessuga** (**sangesuga**).

Nossa escaseza, vossa riqueza! -> Nosa escaseza, vosa riqueza!

9. En portugués o dígrafo **qu** pode aparecer diante das vogais: **a**, **e**, **i**, **o**. Ex. **quadro** (**cadro**), **alambique** (**alambique**), **alquimia** (**alquimia**) e **oblíquo** (**oblícuo**). Para le-lo ao xeito galego utilizaremos loxicamente a pronúncia a que estexamos afeitos.

(a) Diante da vogal **o** pronuncia-se sempre o **u**, ex. **ubíquo** (**ubícuo**), **aquoso** (**acuoso**).

(b) Diante das vogais **e**, **i** case nunca se pronuncia a **u**, ex. **que** (**que**), **aquilo** (**aquilo**).

(c) Diante da vogal **a** o dígrafo pode-se ler como **c** ou como **cu**. Así nos cultismos le-se como **cu**, ex. **qualificar** (**qualificar**), entanto nas voces patrimoniais le-se como **c**, ex. **quando** (**cando**). Contodo cumpre sinalar que ha amplas zonas da Galiza onde a pronúncia tradicional das voces patrimoniais é **cu**, ex. **cuando**, **cuanto**,...

Obs: En portugués diante de **a** e **o** pronuncia-se sempre o **u**, entanto que diante de **e**, e **i** usualmente non se pronuncia, mais nalguns poucos casos si.

10. Na escrita portuguesa o til (~) marca a nasalazón da vogal ou ditongo sobre o que recai, sendo usado nas seguintes terminacións; no singular: **ã**, **ão**, **ãe**, **õe** e no plural: **ãs**, **ãos**, **ães**, **ões**.

(a) **ã** -> **á**. Ex. **maçã** (**mazá**), **lã** (**lá**). Cumpre salientar que ha amplas zonas da Galiza onde a pronúncia tradicional é nasalada, o cal se pode reflectir na escrita con un **n**, ex. **mazán** ou **lán**.

(b) **ãs** -> **ás**. Ex. **maçãs** (**mazás/mazáns**), **manhãs** (**mañás/mañáns**).

(c) **ãe** -> **ai**. Só coñezo dúas palabras rematadas neste ditongo, **mãe** (**mai**) e **mamãe** (**mamai**).

(d) **ães** -> **áns**. Ex. **cães** (**cáns**), **alemães** (**alemáns**).

(e) **õe** -> **ón**. Ex. **supõe** (**supón**). Esta terminación só aparece nas terceiras persoas de singular do presente de indicativo do verbo **pôr** (**pór**) e derivados.

(f) **oem** -> **oñen**. Ex. **põem** (**poñen**). Esta terminación só aparece nas terceiras persoas de plural do presente de indicativo do verbo **pôr** (**pór**) e derivados.

(g) **ões** -> **óns**. Ex. **torrões** (**torróns**), **arranhões** (**arrañóns**). Esta terminación ten distintas pronúncias tradicionais na Galiza, dependendo da zona, así ten-se **ós**, **óns**, **ois** e **oís** (**torróns/torróns/torrois/torróis**). Utilice-se pois a pronuncia a que un estexa afeito.

(h) **ão** -> **ón**, **án**, **o**. Un dos trazos máis característicos do portugués é o ditongo **ão**. A razón de existiren tantos termos rematados neste ditongo é que nel confluíron 3 terminacións en principio (i.e. en galego-portugués) distintas: **om**, **am**, e **ao**. Contodo no plural seguen-se a diferenciar as terminacións orixinais. Así ten-se:

i. **ão** -> **ões** || **ón** -> **óns**. Ex. **leão** (**león**) -> **leões** (**leóns**).

ii. **ão** -> **ães** || **án** -> **áns**. Ex. **capitão** (**capitán**) -> **capitães** (**capitáns**).

iii. **ão** -> **ãos** || **án/ao** -> **áns/aos**. Ex. **mão** (**man/mao**) -> **mãos** (**mans/maos**).

- Nas poucas voces nas que o ditongo é átono corresponde-se en galego con **o**. Ex. **orfão** (**orfo**).

(i) **ção, ções** -> **ción, cións**. Cando os ditongos **ão, ões** veñen precedidos de **ç**, a terminación le-se **ción** e **cións** respectivamente, ex. **terminação** (**terminación**), **terminações** (**terminacións**); agás nuns poucos casos onde debe ler-se **zón, zóns**, ex. **ligação, ligações** (**ligazón, ligazóns**).

11. A diferenza do que ocorre da escrita galega, a portuguesa marca-se o grau de abertura das vogais tónicas. O acento agudo marca as vogais abertas, ex. **área** (**área**), **cheminé** (**cheminé**), **cócoras** (**cócoras**) e o acento circunflexo marca as vogais fechadas, ex. **abundância** (**abundância**), **português** (**português**), **seródio** (**seródio**). Por outra banda usa-se o acento grave para marcar vogais subtónicas abertas nalgunhas contraccións da preposición **a**, ex. **a + a(s)** -> **à(s)**, vexa-se a nota 6??.

Parte II

Prática

A continuación inclúen-se unha serie de textos en portugués, tanto en padrón lusitano como brasileiro, para practicar as regras vistas na sección anterior.

Sonetos

Que mellor para comezar a aplicar as regras vistas na sección anterior que a poesía. E xa postos por que conformar-se con algo inferior a perfección do soneto. O mais exactamente de 5 sonetos de distintos autores e épocas.

Violante Montesino (1602-1693)

Considerada actualmente como un dos máximos expoentes da poesía barroca portuguesa, foi unha das poetisas mais consideradas do seu tempo, sendo coñecida nos meios culturais da época como Décima Musa e Fénix dos Enxeños Lusitanos. Em 1630 profesou na orde da S. Domingos, pasando a ser chamada Sor Violante do Céu.

A UMA SUSPEITA

- uma -> unha (Regra 4)

Amor, se uma mudança imaginada
É **com** tanto rigor **minha** homicida,
Que fará, se passar de ser temida,
A ser, como temida, averiguada?

- ç -> z (Regra 7)
- m -> n (Regra 1)
- nh -> ñ (Regra 3)

Se só por ser de mim **tão** receada,
Com dura execu**ção** me tira a vida,
Que fará, se chegar a ser sabida?
Que fará, se passar de suspeitada?

- ão -> an (Regra 10 h ii)

Porém, já que me mata, sendo incerta,
Somente o **imaginá**-la e presumi-la,
Claro está, pois da vida o fio corta.

- j -> x (Regra 5)

Que me fará depois, **quando** for certa,
Ou tornar a viver para senti-la,
Ou senti-la **também** depois de morta.

- qua -> ca/cua (Regra 9 b)

- Nota: En portugués escribe-se sempre **também** (**tamén**), aínda que non sexa infrecuente a pronúncia á galega, i.e. **tamém**.

A UNHA SUSPEITA

Amor, se uma mudança imaginada
É **con** tanto rigor **miña** homicida,
Que fará, se pasar de ser temida,
A ser, como temida, averiguada?

- ss -> s (Regra 8)

Se só por ser de min **tan** receada,
Con dura execu**ción** me tira a vida,
Que fará, se chegar a ser sabida?
Que fará, se pasar de suspeitada?

- ção -> ción (Regra 10 i)

Porén, **xá** que me mata, sendo incerta,
Somente o **imaxiná**-la e presumi-la,
Claro está, pois da vida o fio corta.

- g + e,i -> x + e,i (Regra 6 b)

Que me fará depois, **cando/cuando** for certa,
Ou tornar a viver para senti-la,
Ou senti-la **tamén** depois de morta.

António da Fonseca Soares (1631-1682).

Poeta bilíngüe, português-castelán, tras unha mocidade aventureira toma ordéns en 1663 recebendo o nome de Frei António das Chagas.

Se sois riqueza, como **estais** despido?
Se Omnipotente, como desprezado?
Se rei, como de **espinhos** coroados?
Se forte, como **estais** enfraquecido?

Se sois riqueza, como **estais** despido?
Se Omnipotente, como desprezado?
Se rei, como de **espiños** coroados?
Se forte, como **estais** enfraquecido?

- nh -> ñ (Regra 3)

- Nota: en portugués a segunda persoa de plural do verbo ser é: **estais** (**estades**).

Se luz, como a luz tendes perdida?
Se sol divino, como eclipsado?
Se Verbo, como é que **estais** calado?
Se vida, como estais amortecido?

Se luz, como a luz tendes perdida?
Se sol divino, como eclipsado?
Se Verbo, como é que estais calado?
Se vida, como estais amortecido?

Se Deus? estais como **homem** nessa Cruz?
Se **homem**? como dais a um **ladrão**,
Com tão grande poder, **posse** dos céus?

Se Deus? estais como **homen** nesa Cruz?
Se **homen**? como dais a um **ladrón**,
Con tan grande poder, **pose** dos céus?

- m -> n (Regra 1)

- ão -> ón (Regra 10 h i)

Ah, que sois Deus e Homem, bom **Jesus**!
Morrendo por Adão **enquanto** Adão,
E redimindo Adão **enquanto** Deus.

- j -> x (Regra 5)

- ão -> án (Regra 10 h ii)

- ss -> s (Regra 8)

Ah, que sois Deus e Homen, bon **Xesus**!
Morrendo por Adán **encanto/encuanto** Adán,
E redimindo Adán **encanto** Deus.

- qua -> ca/cua (Regra 9 b)

António Dinis da Cruz e Silva (1731-1799)

Maxistrado de profesión, foi un dos fundadores da Arcádia Lusitana en 1756, adoptando o pseudónimo de Elpino Nonacriense.

Corre, **já** entre serras escarpadas,
Já sobre **largos** campos, murmurando.
O Tieté, e, as águas engrossando,
soberbo alaga as **margens** levantadas.

Corre, **xa** entre serras escarpadas,
Xa sobre **largos** campos, murmurando.
O Tieté, e, as águas engrosando,
soberbo alaga as **marxens/marxes** levantadas.

- j -> x (regra 5)

- g -> x (regra 6 b)

- Nota: Tanto en galego como em português o termo **largo** (\neq **longo**) significa **amplo**. Ainda que estexa moi estendido o castelanismo **largo** (= **longo**).

- Nota: As palabras procedentes da terminación latina *-ine*, remataban en galego medieval en **-ẽ**. Segundo as NO-MIG(1997) estas palabras perderon a nasalidade e portanto deben ser escritas rematando en **-e**, entanto que o portugués conserva a nasalidade, que reflicte con un **m** final. Así que de **margem** teríamos **marxe**. Porén, na normativa de mínimos aceptan-se as dúas solucións: **marxen** e **marxes**.

Penedos, pontes, árbores copada:
quanto topa, de cólera escumando,
com fragor espantoso vai rolando
nos vórtices das ondas empoladas.

Penedos, pontes, árbores copada:
canto/cuanto topa, de cólera escumando,
con fragor espantoso vai rolando
nos vórtices das ondas empoladas.

- Nota: Non sempre coinciden o galego e o portugués no uso da **b** e a **v**. Así por exemplo os adxectivos rematados en **vel** (**bel**), ou os imperfeitos rematados en **ava** (**aba**). Mais dado que os galegos non facemos distincións na fala entre ambas consoantes, isto non debería resultar problema nengun.

- qua -> ca/cua (Regra 9 b)

- m -> n (Regra 1)

Mas quando mais caudal, mais **orgulhoso**,
as **margens** rompe, cai precipitado,
atroando ao redor toda a campina.

Mas cando/cuando máis caudal, máis **orgulhoso**,
as **marxens** rompe, cai precipitado,
atroando ao redor toda a campina.

O próprio retrato é dum poderoso,
pois quanto mais sublime é seu estado
mais estrondosa é a sua ruína.

O próprio retrato é dun poderoso,
pois canto/cuanto máis sublime é seu estado
máis estrondosa é a sua ruína.

- Nota: En portugués diferencia-se entre o advérbio de cantidade **mais** e a conxunción adversativa **mas**. Ex **Chegou mais tarde das 12, mas chegou**. Esta diferenza tamén se daba en galego, porén a presión do castelán fixo que nos últimos anos a conxunción adversativa **mas** fose practicamente substituída polas formas **pero** (maioritaria) e **mais**.

- lh -> ll (Regra 2)

Antero de Quental (1842-1891)

Poeta romántico de berce azoriano, depois de atravesar várias veces o Atlántico acabou voltando aos Azores para ali tirar-se a vida.

O CONVERTIDO

Entre os **filhos dum** século maldito
Tomei também lugar na ímpia mesa,
Onde, **sob** o folgar, geme a tristeza
Duma **ânsia** impotente de infinito.

- lh -> ll (Regra 2)
- â -> á (Regra 11)
- ge -> xe (Regra 6 b)

- Nota: sob -> sob/so. A propósito desta preposición din as NOMIG(1997):

▷ **So**. Esta preposición coñécese hoxe só en pequenas zonas do territorio galego, pero o seu uso na lingua antiga era moito maior. O portugués, por un criterio cultista, recuperou, cando menos na escritura, a consoante final latina; non hai razón ningunha para proceder do mesmo xeito en galego.

Porén na normativa de mínimos prefire-se a forma sob.

Como os outros, **cuspi** no altar avito
Um rir feito de fel e de impureza?
Mas um dia abalou-se-me a firmeza,
Deu-me um rebate o **coração** contrito!

- Nota: cuspi -> cuspin. En portugués a primeiras persoas de singular do pretérito perfecto simple dos verbos regulares da segunda e terceira conxugación rematan en **i**, entanto en galego rematan en **in**. Ex. **comi** (**comin**), **cuspi** (**cuspin**).
- Nota; avito: que procede dos avós ou antepasados.
- ção -> zón (Regra 10 i)

Erma, **cheia** de tédio e de quebranto,
Rompendo os diques ao represado pranto,
Virou-se para Deus **minha** alma triste!

Amortalhei na Fé o pensamento,
E achei a paz na inércia e esquecemento?
Só me falta saber se Deus existe!

- Nota : En portugués desfai-se o hiato das terminacións en **eo**, **ea** mediante a epéntese da vogal **i**, ex. **ceia**. En galego tamén se dá este fenómeno, mais non é xeral, i.e. ha zonas onde se di **centeo**, e outras onde se di **centeio**. Use portanto a pronuncia á que estexa mais afeito: **cheia** ou **chea**.
- nh -> ñ (Regra 3)

O CONVERTIDO

Entre os **fillos dun** século maldito
Tomei tamén lugar na ímpia mesa,
Onde, **sob** o folgar, xeme a tristeza
Duma **ânsia** impotente de infinito

Como os outros, **cuspin** no altar avito
Un rir feito de fel e de impureza?
Mais un dia abalou-se-me a firmeza,
Deu-me un rebate o **corazón** contrito!

Erma, **cheia/chea** de tédio e de quebranto,
Rompendo os diques ao represado pranto,
Virou-se para Deus **miña** alma triste!

Amortallei na Fé o pensamento,
E achei a paz na inércia e esquecemento?
Só me falta saber se Deus existe!

Fernando António Nogueira Pessoa (1888-1935)

Un dos grandes nomes da poesía mundial. E especialmente famoso pola súa capacidade de «outrar-se», i.e. de adoptar varias personalidades poéticas distintas (Alberto Caeiro, Álvaro de Campos, Ricardo Reis, Bernardo Soares, etc.), assinando as súas obras de acordo con a personalidade de cada heterónimo.

ABDICAÇÃO

- ção -> ción (Regra 10 i)

Toma-me, ó noite eterna, nos teus braços
E chama-me teu filho. Eu sou um rei
Que voluntariamente abandonei
O meu trono de sonhos e cansaços.

- ç -> z (Regra 7)
- lh -> ll (Regra 2)
- m -> n (Regra 1)
- nh -> ñ (Regra 3)

Minha espada, pesada a braços lassos,
Em mãos viris e calmas entreguei;
E meu cetro e coroa - eu os deixei
Na antecâmara, feitos em pedaços.

- ss -> s
- ãos -> áns (Regra 10 h iii)
- â -> á (Regra 11)

Minha cota de malha, tão inútil,
Minhas esporas, de um tinir tão fútil,
Deixei-as pela fria escadaria.

- ão -> án (Regra 10 h ii)

- Nota: pela -> pola. En portugués a contracción da preposición por (por) e o artigo a (a) escrebe-se pela (pola).

Despi a realeza, corpo e alma,
E regressei à noite antiga e calma
Como a paisagem ao morrer do dia

- à -> á (Regra 11)
- ge -> xe (Regra 6 b)

ABDICACIÓN

Toma-me, ó noite eterna, nos teus brazos
E chama-me teu fillo. Eu sou un rei
Que voluntariamente abandonei
O meu trono de soños e cansazos.

Miña espada, pesada a brazos lasos,
Em máns/maos viris e calmas entreguei;
E meu cetro e coroa - eu os deixei
Na antecámara, feitos em pedazos.

Miña cota de malla, tan inútil,
Miñas esporas, de un tinir tan fútil,
Deixei-as pola fria escadaria.

Despi a realeza, corpo e alma,
E regresei á noite antiga e calma
Como a paisaxen/paisaxe ao morrer do dia

Contos do nascer da terra

Utilizamos neste caso textos do autor moçambicano Mia Couto. Assim do seu livro: *Contos do nascer da Terra*⁸, reproduzimos um breve limiar e o primeiro conto titulado *O não desaparecimento de Maria Sombriña*.

Cumprimo-me salientar que Mia Couto gosta de criar palavras, e é um mestre nestes mesteres. Assim que, ante palavras como **idimensão** (**idimensión**), ou **minhocar** (**miñocar**), non serven os dicionários, senón a imaxinación.

CONTOS DO NASCER DA TERRA

CONTOS DO NASCER/NACER DA TERRA

- Nota: Grupo **sc** medial. Polo que se refire a conservación ou a desaparición do grupo latino **sc**, a normativa de mínimos segue o modelo do portugués, entanto as NOMIG(1997) prefiren o modelo do castelán.
 1. Nos cultismos ambas normativas prescriben conservar o grupo. Ex: adolescente, condescender, discernir, plebiscito ...
 2. Nas palabras patrimoniais a normativa de mínimos prescribe conservar o grupo, e as NOMIG(97) reduci-lo a **c**. Ex: **nasc**er (**nacer**), **nésc**io (**necio**), **cre**scer (**crecer**).

Note-se que nas zonas seseantes este grupo é equivalente a **ss**, que se pronuncia como un **s** normal.

Não é da luz do sol que carecemos. Milenarmente a grande estrela ilumina a terra e, afinal, nós pouco aprendemos a ver. O mundo necessita ser visto **sob** outra luz: a luz do luar, **essa** claridade que cai **com** respeito e delicadeza. Só o luar revela o lado feminino dos seres. Só a lua revela intimidade da **nossa** morada terrestre.

Necessitamos **não** do nascer do Sol. Carecemos do nascer da Terra.

- ão -> on (Regra 10 h)
- sob -> sob/so (Nota ??)
- ss -> s (Regra 8)

O não desaparecimento de Maria Sombriña

Afinal, **quantos** lados **tem** o mundo no parecer dos **olhos** do camaleão.

- nh -> ñ (Regra 3)
- qua -> ca/cua (Regra 9)

Non é da luz do sol que carecemos. Milenarmente a grande estrela ilumina a terra e, afinal, nós pouco aprendemos a ver. O mundo necesita ser visto **sob/so** outra luz: a luz do luar, **esa** claridade que cai **con** respeito e delicadeza. Só o luar revela o lado feminino dos seres. Só a lua revela intimidade da **nosa** morada terrestre.

Necesitamos **non** do nascer/nacer do Sol. Carecemos do nascer/nacer da Terra.

O non desaparecimento de Maria Sombriña

Afinal, **cantos/cuantos** lados **ten** o mundo no parecer dos **ollos** do camaleón.

⁸Mia Couto, *Contos do Nascer da Terra*, ed. Caminho, Lisboa (1997).

- m -> n (Regra 1)
- lh -> ll (Regra 2)

Já muita **coisa** foi vista neste mundo. Mas nunca se encontrou nada mais triste que caixão pequenino. Pense-se, antemanualmente, que esta estória arrisca conter morte de criança. Veremos a verdade dessa tristeza. Como diz o camaleão – em frente para apanhar o que ficou para trás.

- j -> x (Regra 5)
- ç -> z (Regra 7)
- Nota: **coisa** -> **cousa**. Ainda que en portugués pode-se dicer tanto **cousa** como **coisa**, está última é con moito a forma mais usual na actualidade.
- Nota: **criança** = **nenó** ou **nená**.
- Nota: **antemanualmente** (**antemalmente**) é una criazón do autor. Eu interpreto que ven de "de antemán".

Deu-se o caso **numa** familia pobre, tão pobre que nem tinha doenzas. Dessas em que se morre mesmo saudábel. Não sendo pois espantábel que esta narração acabe em luto. Em todo o mundo, os pobres **têm** essa estranha mania de morrerem muito. Um dos mistérios dos lares famintos é falecerem tantos parentes e a familia aumentar cada vez mais. Adiante, diria o camaleonino réptil.

- **numa** -> **nunha** (Regra 4)
- **ção** -> **ción** (Regra 10 i)
- **ê** -> **é** (Regra 11)
- Nota: **Têm** (**teñen**) é a terceira persoa do plural do presente do verbo **ter** (**ter**), canto menos na escrita, xa que na fala non é nada unusual a forma **tenham**.
- Nota: Non sempre coinciden o galego e o portugués no uso da **b** e a **v**. Asi por exemplo os adxectivos rematados en **vel** (**bel**), ou os imperfeitos rematados en **ava** (**aba**). Mais dado que os galegos non facemos distingos na fala entre ambas consoantes, isto non deberia resultar problema nengun.

A familia de Maria Sombrinha vivia em tais misérias, que nem queria saber de dinheiro. A moeda é o grão de areia esfluindo entre os dedos?. Pois, ali, nem dedos. Tudo comezou com o pai de Sombrinha. Ele se sentou, uma noite, à cabeceira da mesa. Fez as rezas e olhou o tampo vazio.

Xa muita **cousa** foi vista neste mundo. Mas nunca se encontrou nada mais triste que caixón pequeniño. Pense-se, antemanualmente, que esta estória arrisca conter morte de crianza. Veremos a verdade desa tristeza. Como diz o camaleón – en frente para apañar o que ficou para trás.

Deu-se o caso **nunha** familia pobre, tan pobre que nen tiña doenzas. Desas em que se morre mesmo saudábel. Non sendo pois espantábel que esta narración acabe en luto. En todo o mundo, os pobres **teñen** esa estranha mania de morrerem muito. Un dos mistérios dos lares famintos é faleceren tantos parentes e a familia aumentar cada vez mais. Adiante, diria o camaleonino réptil.

A familia de Maria Sombrinha vivia en tais misérias, que nen queria saber de diñeiro. A moeda é o gran de area esfluindo entre os dedos?. Pois, ali, nen dedos. Todo comezou co pai de Sombrinha. El se sentou, unha noite, á cabeceira da mesa. Fixo as rezas e ollou o tampo vacio.

Obs:

En portugués desfai-se o hiato das terminacións en -eo, -ea mediante a epéntese da vogal i, ex. ceia. En galego tamén existe este fenómeno, mais non é xeral, i.e. ha zonas onde se di centeo, e outras onde se di centeio. Use portanto a pronuncia á que estexa mais afeito.

Obs: En portugués diferencia-se entre tudo e todo.
todo, adx. e pron. indef. inteiro; completo; íntegro; total; calquer; cada; o maior; s.m. conxunto; soma; universalidade;
aspecto xeral.

tudo, pron. indef. inv. a totalidade das persoas ou cousas de que se trata; o esencial, o indispensábel.

Obs: A contracción da preposición a e o artigo a escrebe-se en portugués à. Entanto en galego usa-se o acento agudo:
á.

Obs: No portugués escrito non é obrigatória nen usual a contracción da preposición com e o artigo o (co). Cousa que
sí ocorre en galego.

Obs: En portugués a letra z pode aparecer diante de e,i mantendo a etimoloxia da palabra, ex luzes(luces).

De onde veñen os sobrenomes brasileiros

Ameaza castellana

Como ver sen enxergar

Nanotubos e a nova era do carbono

Parte III

Complementos

Notas

1. En portugués escribe-se sempre **também** (**tamém**), aínda que non sexa infrecuente a pronúncia á galega, i.e. **tamém**.
2. Grupo **sc** medial. Polo que se refere a conservación ou a desaparición do grupo latino **sc**, a normativa de mínimos segue o modelo do portugués, entanto a ILGA-RAG prefere o modelo do castelán.
 - (a) Nos cultismos ambas normativas prescriben conservar o grupo. Ex: adolescente, condescender, discernir, plebiscito ...
 - (b) Nas palabras patrimoniais a normativa de mínimos prescribe conservar o grupo, e a ILGA-RAG reduci-lo a **c**. Ex: nacer (nacer), néscio (necio), crescer (crecer).

Note-se que nas zonas seseantes este grupo é equivalente a **ss**, que se pronúncia como un **s** normal.

3. Non sempre coinciden o galego e o portugués no uso da **b** e a **v**. Así por exemplo os adxectivos rematados en **vel** (**bel**), ou os imperfeitos rematados en **ava** (**aba**). Mais dado que os galegos non facemos distincións na fala entre ambas consoantes, isto non debería resultar problema nengun.
4. En portugués desfai-se o hiato das terminacións en **eo**, **ea** mediante a epéntese da vogal **i**, ex. **ceia**. En galego tamén se dá este fenómeno, mais non é xeral, i.e. ha zonas onde se di **centeo**, e outras onde se di **centeio**. Use portanto a pronuncia á que estexa mais afeito.
5. En portugués diferencia-se entre tudo e todo:

todo, adx. e pron. indef. inteiro; completo; íntegro; total; calquer; cada; o maior; s.m. conxunto; soma; universalidade; aspeito xeral.

tudo, pron. indef. inv. a totalidade das persoas ou cousas de que se trata; o esencial, o indispensábel.

6. A escrita portuguesa usa o acento grave para marcar vogais subtónicas abertas:

(a) nas contraccións da preposición **a** coa forma feminina do artigo definido e co pronome demostrativo:

- i. **a + a(s)** -> **à(s)**;
- ii. **a + aquele(s)** -> **àquele(s)**; **a + aquela(s)** -> **àquela(s)**,
- iii. **a + aquilo** -> **àquilo**.

(b) nas contraccións da preposición **para**, na súa forma sincopada **pra**, con **o(s)** e **a(s)**:

- i. **pra + o(s)** -> **pròs**
- ii. **pra + a(s)** -> **pràs**

Estas formas contractas non teñen moito uso na escrita, empregando-se para a representación da lingua coloquial. Xa que en portugués coloquial, como en galego, a forma sincopada **pra** e as contraccións correspondentes teñen bastante uso.

7. En portugués a terceira persoa de plural do pretérito de indicativo (ou pretérito de perfecto simples) coincide con a terceira persoa de plural do ante-pretérito (ou mais que perfecto simples), ex. **louvaram** (**louvaron**) e **louvaram** (**louvaran**).
8. En portugués o pronome persoal masculino da terceira persoa escribe-se: **ele** (**el**).

9. O pronome indefinido portugués **nenhum** corresponde-se coa forma galega **nengun**.
10. En portugués diferencia-se entre o advérbio de cantidade **mais** e a conxunción adversativa **mas**.

Chegou **mais** tarde das 12, **mas** chegou. (Chegou **mais** tarde das 12, **mais** chegou).

11. En portugués a contracción da preposición **por** (**por**) e o artigo **o** (**o**) escribe-se **pelo** (**polo**). Realmente tamén existe a forma **polo**, mais é considerada anticuada. O cal resulta un tanto contraditório (paradoxal), así no dicionário Porto Editora da língua portuguesa aparecen as seguintes definicións:

per, antiga forma da prep. *por*.

pelo, contracção da prep. *per* e a forma arcaica *lo* do artigo definido ou pron. dem. *o*, com o valor de *por o*.

polo, (ant.) contr. da preposição *por* e o art. ou pron. dem. arcaico *lo*, equivalente actualmente a *pelo* ou *por o*.

12. En portugués o número 2 pode dicer-se **dois** ou **dous**, mais a primeira forma é moito máis usual.
13. En portugués, como en galego, algunhas preposicións poden contrair-se con artigos, pronomes e advérbios. Algunhas destas contraccións reflecten-se sempre na escrita, por exemplo **no** (**em** + **o**), mais a maior parte delas son optativas de maneira que aparecen nalguns textos e noutros non, segundo o estilo persoal do autor. Sendo lóxicamente algunhas mais frecuentes e outras menos. Así por exemplo as contraccións **coa** (**com** + **a**) e **dum** (**de** + **um**), se ben correctas teñen unha frecuencia menor no segundo caso, e moito menor no primeiro, que en galego. No seguinte cadro recollen-se todas as posíbeis contraccións admitidas nas gramáticas portuguesas.

Preposições				
	a	de	em	
Artigos				
o(s)/a(s)	ao(s)/à(s)	do(s)/da(s)	no(s)/na(s)	pelo
um/uns/uma(s)	-	dum/duns/duma(s)	num/nuns/numa(s)	
Pronomes				
ele(s)/ela(s)	-	dele(s)/dela(s)	nele(s)/nela(s)	
este(s)/esta(s)	-	deste(s)/desta(s)	neste(s)/nesta(s)	
esse(s)/essa(s)	-	desse(s)/dessa(s)	nesse(s)/nessa(s)	
isto/isso/aquilo	àquilo	disto/disso/daquilo	nisto/nisso/naquilo	
aquele(s)/aquela(s)	àquele(s)/àquela(s)	daquele(s)/daquela(s)	naquele(s)/naquela(s)	
outro(s)/outra(s)		doutro(s)/doutra(s)	noutro(s)/noutra(s)	
outrem	-	doutrem	noutrem	
estoutro(s)/estoutra(s)	-	destoutro(s)/destoutra(s)	nestoutro(s)/nestoutras(s)	
aqueleoutro(s)/aqueleoutra(s)	-	daqueleoutro(s)/daqueloutra(s)	naqueloutro(s)/naqueloutra(s)	
Advérbios				
aquém/além/algures/alhures	-	daquém/dalém/dalgures/dalhures	-	
aí/ali/aqui	-	daí/dali/daqui	-	
onde	aonde	donde	-	
acolá	-	dacolá	-	
algum/alguns/alguma(s)	-	dalgum/dalguns/dalguma(s)	nalgum/nalguns/nalguma	
algo/algúem	-	dalgo/dalguém	-	

14. Formas verbais diverxentes en galego e portugués. Futuros.

Ainda que a maior parte dos sistemas verbais galego e portugués coinciden existen algunhas diferenzas, unhas pequenas e outras non tanto. Dada a brevidade deste curso non incluímos todas as formas diverxentes, senón tan só as que foron aparecendo nos exemplos. E lembramos que no dicionário en liña da Priberam⁹ permite conxugar os verbos portugueses.

Das diverxencias a mais chamativa dá-se nos futuros, xa que na conxugación pronominal portuguesa os pronomes van en posición mesolítica, e en galego en posición enclítica. Vexamos un exemplo:

⁹<http://www.priberam.pt/dlpo>

Comerás o caldo?. Comê-lo-ei. (Comerás o caldo?. Comerei-no).

Na pregunta o verbo non vai acompañada dun pronome, e a forma verbal coincide en portugués e galego; comer + has -> comerás. Porén na contestación o verbo vai acompañado dun pronome: o, e entanto en galego a forma verba construíse nas seguintes dúas etapas:

- (a) comer + hei -> comerei
- (b) comerei + o -> comerei-no

en portugués construíse nestas outras dúas:

- (a) comer + o -> comê-lo
- (b) comê-lo + hei -> comê-lo-ei

Cumpre sinalar que na fala tanto en Portugal como sobre todo no Brasil a colocación mesoclítica do pronome é moi pouco frecuente. Mais aínda que na fala a solución galega sexa moito máis abundante, na escrita a única solución correcta é a colocación mesoclítica.

15. Foste -> Foche/fuches. En portugués a segunda persoa de singular do pretérito de indicativo dos verbos ser e ir é foste, en galego a normativa de mínimos prescreben foche, entanto as NOMIG(97) prescreben fuches. Mais nas ditas NOMIG(97) di-se o seguinte:

Fuches. No galego central e oriental a forma totalmente maioritaria é *fuche(s)*, mentres que no galego occidental rexístranse as formas *foste(s)* e *foche(s)* con innovación na vocal radical.

Sites recomendados - A praticar

- Projecto Vercial, Biblioteca en liña de literatura portuguesa. (<http://www.ipn.pt/literatura/>)
- Folha Online, xornal electrónico brasileiro (<http://www.folha.uol.com.br/>)
- O Público, versión electrónica do xornal portugués (<http://www.publico.pt/>)
- Dicionário Priberam da Língua Portuguesa On-Line (<http://www.priberam.pt/dlpo>)
- Ciberdúvidas da Língua Portuguesa (<http://ciberduvidas.sapo.pt/>)
- Portugal e Espanha, blog sobre as relacións peninsulares (<http://portugal-e-espanha.blogspot.com/>)